



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 248
29 de decembro de 2021



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.5. Membros do Consello de Contas

Elección de membros do Consello de Contas

[95753](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

26140 (11/MOC-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 25154, publicada no BOPG núm. 232, do 24 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

[95753](#)

26167 (11/MOC-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a regulación do sector eólico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24761, publicada no BOPG núm. 228, do 17 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

[95753](#)

26171 (11/MOC-000075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a normativa mineira (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24884, publicada no BOPG núm. 232 do 24 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

[95754](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacóns

I 25725 (11/PNP-002323)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España

[95754](#)

Aprobación por unanimidade con modificacóns

I 25833 (11/PNP-002335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as más

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da rectificación da modificación de horarios do tren Avant A Coruña-Ourense e da supresión do tren Lugo-Ourense, así como da recuperación de liñas suprimidas

[95754](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacóns

I 21382 (11/PNP-001944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as más

Sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do rexeitamento das medidas previstas no texto de proposta do Regulamento de control da pesca 1224/2009

[95755](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 17206 (11/PNP-001680)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica

[95756](#)

I 25777 (11/PNP-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para planificar e executar os fondos do IV Plan de rescate a autónomos e empresas afectados pola covid-19

[95756](#)

I 25807 (11/PNP-002332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino [95756](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de errores na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 247, do 23 de decembro de 2021, da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 [95757](#)

■ Corrección de errores na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 247, do 23 de decembro de 2021, da Lei de medidas fiscais e administrativas [95765](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.5. Membros do Consello de Contas

Elección de membros do Consello de Contas

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 21 de decembro de 2021, en cumprimento do disposto no artigo 12.1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia elixiu como membros do Consello de Contas de Galicia a:

- D. Anxo Ramón Calvo Silvosa
- D. Tomás Pérez Vidal
- D. José Antonio Redondo López

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 21 de decembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexitamento da iniciativa

- 26140 (11/MOC-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 25154, publicada no BOPG núm. 232, do 24 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

BOPG nº 243, do 17.12.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 26167 (11/MOC-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a regulación do sector eólico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24761, publicada no BOPG núm. 228, do 17 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

BOPG nº 243, do 17.12.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

CSV: BOPGDSPG-3texJyZ01-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



- 26171 (11/MOC-000075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a normativa mineira (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24884, publicada no BOPG núm. 232 do 24 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

BOPG nº 243, do 17.12.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 25725 (11/PNP-002323)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España

BOPG nº 239, do 10.12.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 55 votos a favor, 18 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia manifesta, ao cumprirse o 40º aniversario da constitución do seu primeiro Parlamento democrático, o seu compromiso e apoio á vixente Constitución Española e ao Estatuto de Autonomía de Galicia e, polo tanto, o seu rexeitamento a calquera iniciativa que promova a independencia de Galicia ou de calquera outra Comunidad Autónoma de España, xa que con iso se pon en risco o marco de convivencia que todos os españois nos demos e que garante o autogoberno de Galicia.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 25833 (11/PNP-002335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da rectificación da modificación de horarios do tren Avant A Coruña-Ourense e da supresión do tren Lugo-Ourense, así como da recuperación de liñas suprimidas

BOPG nº 239, do 10.12.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a demandar do goberno central:

1. O mantemento da liña Avant A Coruña-Ourense con saída ás 6:30 da mañá e chegada ás 7:38 e a revisión dos horarios de cara a favorecer a mobilidade entre A Coruña, Santiago, Ourense e vice-versa nos horarios laborais habituais, permitindo o desprazamento e chegada nas primeiras e últimas horas da mañá e da tarde e compatibilizando a conexión interior coa conexión coa Meseta e coas novas conexións de AVE entre Ourense e Madrid.
2. O cumprimento do acordo unánime do Pleno do Parlamento Galego do pasado 7 de febreiro de 2018 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, exixindo que no prazo de dous meses se negocie con Galicia un calendario de cumprimento.
3. A reposición inmediata das liñas de ferrocarril suprimidas baixo a desculpa da covid-19.
4. Ampliar de xeito inmediato o cadro de persoal, principiando por cubrir as prazas vacantes, que permitan garantir o funcionamento axeitado de todos os servizos, especialmente no relativo á necesaria corrección do déficit de maquinistas, de especialistas de operacións comerciais de información e venda presencial, persoal de control de acceso e persoal de atención aos viaxeiros.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 21382 (11/PNP-001944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do rexeitamento das medidas previstas no texto de proposta do Regulamento de control da pesca 1224/2009

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1. Trasladar, durante as negociacións nos trílogos do Regulamento de Control da Pesca (CE) 1224/2009, o rexeitamento ás medidas previstas, especialmente as referentes á pesca costeira artesanal e, de forma específica, as referidas á obligatoriedade de instalación de cámaras a bordo, a obrigación de instalar o diario electrónico de pesca na frota artesanal e a imposición da xeolocalización en barcos de máis de 4 metros de eslora.

2. Frear e deixar sen efecto as accións conducentes á aplicación das medidas recollidas no texto de proposta de modificación do Regulamento de Control, con especial referencia á licitación do desenvolvemento e mantemento dunha aplicación para a comunicación de capturas, declaración de desembarque e xeolocalización da frota pesqueira a pequena escala (Expediente: 2021/ SP10019) e daquelas actuacións relacionadas coa instalación de CCTV.»

Rexeitamento da iniciativa

- 17206 (11/PNP-001680)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 25777 (11/PNP-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para planificar e executar os fondos do IV Plan de rescate a autónomos e empresas afectados pola covid-19

BOPG nº 239, do 10.12.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.

- 25807 (11/PNP-002332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino

BOPG nº 239, do 10.12.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de errores na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 247, do 23 de decembro de 2021, da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

Advertidos errores na publicación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, tanto na versión en lingua galega como na versión en lingua castelá (BOPG núm. 243, fasc. 1 e 2, respectivamente, do 23 de decembro de 2021), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Nas páxinas 94889 e 94890 do fascículo 1, versión en lingua galega, deben permutarse os cadros incluídos nas alíneas a) e b) do punto Un do artigo 21. Por tanto, a redacción correcta é a seguinte:

«a) O soldo e os trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2022, que correspondan ao grupo ou subgrupo en que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza a persoa funcionaria, coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo/subgrupo Real decreto lexislativo 5/2015	Soldo	Trienio
A1	14.864,16	572,04
A2	12.852,72	466,56
B	11.235,00	409,32
C1	9.650,28	353,16
C2	8.031,60	240,36
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro)	7.351,08	180,96



b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano e se percibirán de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989. O importe de cada unha destas pagas será a suma do soldo e dos trienios establecidos a continuación e dunha mensualidade de complemento de destino:

Grupo/subgrupo Real decreto lexislativo 5/2015	Soldo	Trienio
A1	764,37	29,43
A2	781,15	28,35
B	809,20	29,50
C1	695,06	25,41
C2	663,20	19,83
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro)	612,59	15,08

Nas páxinas 95237 e 95238 do fascículo 2, versión en lingua castelá, debe introducirse idéntica permuta, de tal forma que a redacción correcta é a seguinte:

«a) El sueldo y trienios, en las nóminas ordinarias de enero a diciembre de 2022, que correspondan al grupo o subgrupo en el que se encuentre clasificado el cuerpo o escala a que pertenezca la persona funcionaria, con las siguientes cuantías referidas a doce mensualidades:

Grupo/subgrupo Real decreto legislativo 5/2015	Sueldo	Trienio
A1	14.864,16	572,04
A2	12.852,72	466,56
B	11.235,00	409,32
C1	9.650,28	353,16
C2	8.031,60	240,36
E (Ley 30/1984) y agrupaciones profesionales (Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de octubre)	7.351,08	180,96




b) Las pagas extraordinarias, que serán dos al año y se percibirán de acuerdo con lo previsto en el artículo 15 de la Ley 13/1988, de 30 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma gallega para 1989. El importe de cada una de estas pagas será la suma del sueldo y trienios establecidos a continuación y de una mensualidad de complemento de destino:

Grupo/subgrupo Real decreto legislativo 5/2015	Sueldo	Trienio
A1	764,37	29,43
A2	781,15	28,35
B	809,20	29,50
C1	695,06	25,41
C2	663,20	19,83
E (Ley 30/1984) y agrupaciones profesionales (Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de octubre)	612,59	15,08

No fascículo 2, versión en lingua castelá, nos cadros resumo dos estados de gastos, deben incluírse, a seguir, respectivamente, das páxinas 9549, 95460, 95472, 95491 e 95521, as seguintes páxinas, referidas ás axencias que nelas se citan:






**AGENCIA DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓGICA DE
GALICIA**

95760






AGENCIA DE TURISMO DE GALICIA

95761






AGENCIA GALLEGA DE INNOVACION

95762





AGENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

95763





AGENCIA GALLEGA DE SERVICIOS SOCIALES

95764



No fascículo 2, nos cadros resumo, as referencias á Consejería de Educación, Universidad y Formación Profesional deben entenderse feitas á Consejería de Cultura, Educación y Universidad.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Corrección de errores na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 247, do 23 de decembro de 2021, da Lei de medidas fiscais e administrativas

Advertidos errores na publicación da Lei de medidas fiscais e administrativas, tanto na versión en lingua galega como na versión en lingua castelá (BOPG núm. 247, fasc. 3, do 23 de decembro de 2021), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 95579, versión en lingua galega, no número vinte e tres,

Onde di:

«c) Para as embarcacións deportivas e de lecer, con base nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas:

- Se eslora = 8 m: 9,68 €/semestre.
- Se eslora > 8 m é = 10 m: 12,80 €/semestre.
- Se eslora > 10 m é = 12 m: 17,02 €/semestre.
- Se eslora > 12 m é = 14 m: 23,89 €/semestre.
- Se eslora > 14 m é = 16 m: 33,56 €/semestre.
- Se eslora > 16 m é = 18 m: 38,40 €/semestre.
- Se eslora > 18 m: 43,24 €/semestre.»

Debe dicir:

«c) Para as embarcacións deportivas e de lecer, con base nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas:

- Se eslora = 8 m: 9,68 €/semestre.
- Se eslora > 8 m e = 10 m: 12,80 €/semestre.
- Se eslora > 10 m e = 12 m: 17,02 €/semestre.
- Se eslora > 12 m e = 14 m: 23,89 €/semestre.
- Se eslora > 14 m e = 16 m: 33,56 €/semestre.
- Se eslora > 16 m e = 18 m: 38,40 €/semestre.
- Se eslora > 18 m: 43,24 €/semestre.»

Na páxina 95609, versión en lingua galega, no punto Un do artigo 18, no número 1, que se modifica, do artigo 40 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia,



Onde di:

«1. A inclusión de explotacións no Banco iniciarase por solicitude das persoas interesadas cuxa explotación estea incluída no Banco de Explotacións. [...]»

Debe decir:

«1. A inclusión de explotacións no Banco iniciarase por solicitude das persoas interesadas en que a súa explotación estea incluída no Banco de Explotacións. [...]»

Na páxina 95610, versión en lingua galega, no punto Dous do artigo 18, nas letras a) e b) do punto 1 do artigo 92, que se modifican,

Onde di:

«a) Asignar compromisos de venda ao axente promotor produtivo [...]
b) Asignar compromisos de arrendamento ao axente promotor produtivo [...]»

Debe decir:

«a) Asinar compromisos de venda ao axente promotor produtivo [...]
b) Asinar compromisos de arrendamento ao axente promotor produtivo [...]»

Nas páxinas 95676 e 95677, versión en lingua castelá, nos números vinte e dous e vinte e tres,

Onde di:

«Para embarcaciones pesqueras:

- Si eslora \leq 7 m: 17,40 €/año.
- Si eslora > 7 m y \leq 10 m: 45,85 €/año.
- Si eslora > 10 m y \leq 15 m: 88,20 €/año.
- Si eslora > 15 m y \leq 20 m: 151,20 €/año.
- Si eslora > 20 m y \leq 25 m: 226,80 €/año.
- Si eslora > 25 m: 277,20 €/año.

Para las embarcaciones auxiliares de acuicultura:

- Si eslora \leq 10 m: 69,40 €/año.
- Si eslora > 10 m: 104,10 €/año.
- [...]

Para embarcaciones pesqueras:

- Si eslora \leq 10 m: 16,84 €/escala.
- Si eslora > 10 m y \leq 15 m: 21,89 €/escala.



- Si eslora > 15 m y ≤ 20 m: 26,94 €/escala.
- Si eslora > 20 m y ≤ 25 m: 50,51 €/escala.
- Si eslora > 25 m: 84,19 €/escala.

Para las embarcaciones auxiliares de acuicultura:

- Si eslora ≤ 10 m: 21,69 €/escala.
- Si eslora > 10 m: 32,53 €/escala.
- [...]

c) Para las embarcaciones deportivas y de ocio, con base en un puerto dependiente de Puertos de Galicia, se aplicarán las siguientes cuantías fijas:

- Si eslora ≤ 8 m: 9,68 €/semestre.
- Si eslora > 8 m es ≤ 10 m: 12,80 €/semestre.
- Si eslora > 10 m es ≤ 12 m: 17,02 €/semestre.
- Si eslora > 12 m es ≤ 14 m: 23,89 €/semestre.
- Si eslora > 14 m es ≤ 16 m: 33,56 €/semestre.
- Si eslora > 16 m es ≤ 18 m: 38,40 €/semestre.
- Si eslora > 18 m: 43,24 €/semestre.»

Debe decir:

«Para embarcaciones pesqueras:

- Si eslora = 7 m: 17,40 €/año.
- Si eslora > 7 m e = 10 m: 45,85 €/año.
- Si eslora > 10 m e = 15 m: 88,20 €/año.
- Si eslora > 15 m e = 20 m: 151,20 €/año.
- Si eslora > 20 m e = 25 m: 226,80 €/año.
- Si eslora > 25 m: 277,20 €/año.

Para las embarcaciones auxiliares de acuicultura:

- Si eslora = 10 m: 69,40 €/año.
- Si eslora > 10 m: 104,10 €/año.
- [...]

Para embarcaciones pesqueras:

- Si eslora = 10 m: 16,84 €/escala.
- Si eslora > 10 m e = 15 m: 21,89 €/escala.
- Si eslora > 15 m e = 20 m: 26,94 €/escala.
- Si eslora > 20 m e = 25 m: 50,51 €/escala.
- Si eslora > 25 m: 84,19 €/escala.



Para las embarcaciones auxiliares de acuicultura:

- Si eslora = 10 m: 21,69 €/escala.
- Si eslora > 10 m: 32,53 €/escala.
- [...]

c) Para las embarcaciones deportivas y de ocio, con base en un puerto dependiente de Puertos de Galicia, se aplicarán las siguientes cuantías fijas:

- Si eslora = 8 m: 9,68 €/semestre.
- Si eslora > 8 m e = 10 m: 12,80 €/semestre.
- Si eslora > 10 m e = 12 m: 17,02 €/semestre.
- Si eslora > 12 m e = 14 m: 23,89 €/semestre.
- Si eslora > 14 m es = 16 m: 33,56 €/semestre.
- Si eslora > 16 m e = 18 m: 38,40 €/semestre.
- Si eslora > 18 m: 43,24 €/semestre.»

Na páxina 95709, versión en lingua castelá, no punto Un do artigo 18, no número 1, que se modifica, do artigo 40 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia,

Onde di:

«1. La inclusión de explotaciones en el Banco se iniciará por solicitud de las personas interesadas cuya explotación esté incluida en el Banco de Explotaciones. [...]»

Debe decir:

«1. La inclusión de explotaciones en el Banco se iniciará por solicitud de las personas interesadas en que su explotación esté incluida en el Banco de Explotaciones. [...]»

Na páxina 95709, versión en lingua castelá, no punto Dous do artigo 18, nas letras a) e b) do punto 1 do artigo 92, que se modifican,

Onde di:

«a) Asignar compromisos de venta al agente promotor productivo [...]
b) Asignar compromisos de arrendamiento al agente promotor productivo [...]»

Debe decir:

«a) Firmar compromisos de venta al agente promotor productivo [...]
b) Firmar compromisos de arrendamiento al agente promotor productivo [...]»

Na páxina 95722, versión en lingua castelá, no artigo 30,

Onde di:

«Uno. Se modifica el párrafo primero del apartado 2 del artículo, que queda redactado como sigue:»



Debe decir:

«Se modifica el párrafo primero del apartado 2 del artículo 69, que queda redactado como sigue:»

Na páxina 95732, versión en lingua castelá, no artigo 38,

Onde di:

«Uno. Se modifica el apartado 29, que queda redactado como sigue:»

Debe decir:

«Se modifica el apartado 29 del artículo 82, que queda redactado como sigue.»

Onde di:

«Uno. Se modifica el apartado 43, que queda redactado como sigue:»

Debe decir:

«Se modifica el apartado 43 del artículo 82, que queda redactado como sigue.»

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





**PARLAMENTO
DE GALICIA**

**BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

